

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

**16292** *Corrección de erros da Orde ICT/1020/2021, do 24 de setembro, pola que se modifica o anexo I.1 do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto.*

Advertidos erros na Orde ICT/1020/2021, do 24 de setembro, pola que se modifica o anexo I.1 do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao núm. 233, do 29 de setembro de 2021, efectúase no artigo único a oportuna rectificación:

Na páxina 5, onde di:

«Doce. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categorías 9.a.2, 17.h, 17.m e 17.p. Modifícanse como segue: "9.a.2 Buques de superficie..."»,

Debe dicir:

«Doce. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 9.a.2. Modifícase como segue: "9.a.2 Buques de superficie, non especificados en 9.a.1, con un ou varios dos seguintes elementos fixados ou integrados no buque."»

Na páxina 6, onde di:

«Dezanove. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 17.g. Modifícase como segue: "17.g Equipamento nuclear xerador..."»,

Debe dicir:

«Dezanove. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categorias 17.g, 17.h e 17.m. Modifícanse como segue: "17.g Equipamento nuclear xerador de potencia ou propulsión, non especificado en ningures, deseñado especialmente para uso militar, e compoñentes para el deseñados especialmente ou 'modificados' para uso militar; Nota: O subartigo 17.g inclúe os 'reactores nucleares'.

17.h Equipamento e material, revestido ou tratado para a supresión da firma, deseñado especialmente para uso militar, non especificado en ningunha outra parte da Lista común militar da UE;

17.m Transbordadores, non especificados en ningunha outra parte da Lista común militar da UE, pontes e pontóns deseñados especialmente para uso militar;"»